

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Sebastián Martínez-Risco y Macías, a Lois Tobío Fernández do 05/10/1970

Colección:

Data: 05/10/1970

De:

Sebastián Martínez-Risco y Macías;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Linares Rivas, 6-7, 10º (de enderezo), A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal)

Destino:

María de Guzmán, 54-4º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete, pero co cuño da Real Academia Galega].



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Sebastián Martínez-Risco y Macías, a Lois Tobío Fernández do 05/10/1970

5 outubro 1970.

Sr. D. Luis Tobío Fernández.

Meu estimado amigo e paisán:

No corrente mes de outubro, cómprese o cincuentenario do primeiro número da revista NOS, publicación puramente literaria, escrita toda en lingua galega, que foi unha bandeira de cultura enxebre e estivo mantida polos máis nobre e outros ideaes. A Real Academia Gallega, que procura estar sempre atenta aos latexos do país e aos seus aconteceres históricos, pensa que a data é meresciente de que se conmemore, facendo un recordo dos fundadores e daqueles que so seu esforzo poideron levar adiante a boa obra como colaboradores da mesma.

Asín, contándose vostede antre éstos, prégolle teña a ben honrarnos enviando dúas coartelas, a un espazo, co texto que estime axeitado a aquela conmemoración que non debe quedar esquecida polos bos galegos, remitíndoas o máis axiña posibre.

Vaia por adiantado a nosa máis fonda gratitude.

De vostede amigo e paisán

Sebastián Martínez-Risco. [sinatura autógrafa]

Presidente.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.